

Recurso nº 300/2019**Resolución nº 266/2019****RESOLUCIÓN DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN
PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

En Santiago de Compostela, a 26 de novembro de 2019.

VISTO o recurso especial en materia de contratación interposto por SERRAL, ORGANIZACIÓN Y GESTIÓN DE ARCHIVOS Y BIBLIOTECAS, S.L.U. contra o anuncio e os pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas que rexen na contratación dos servizos bibliotecarios complementarios para a Biblioteca Municipal “Xosé Neira Vilas”, expediente 15967/331 do Concello de Vigo, este Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGal, en diante) en sesión celebrada no día da data, adoptou, por unanimidade, a seguinte Resolución:

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- Polo Concello de Vigo convocouse a licitación do contrato de servizos bibliotecarios complementarios para a Biblioteca Municipal “Xosé Neira Vilas”, expediente 15967/331, cun valor estimado declarado de 1.318.769,53 euros.

Segundo.- O 17.11.2019 SERRAL, ORGANIZACIÓN Y GESTIÓN DE ARCHIVOS Y BIBLIOTECAS, S.L.U. interpuxo recurso especial en materia de contratación, a través do formulario telemático existente a tal fin a través da sede electrónica da Xunta de Galicia. Dado que ese día 17 era domingo, o rexistro electrónico da Xunta de Galicia xa lle da entrada como presentado na primeira hora do primeiro día hábil seguinte, isto é, como presentado o 18.11.2019 (artigo 31.2.a Lei 39/2015 do procedemento administrativo común: “O funcionamento do rexistro electrónico rexerase polas seguintes regras:....b)Para os efectos do cómputo de prazo fixado en días



hábiles, e no que se refire ao cumprimento de prazos polos interesados, a presentación nun día inhábil entenderase realizada na primeira hora do primeiro día hábil seguinte”), e así aparecería no recibo de presentación.

Terceiro.- Tras a correspondente solicitude, recibíuse o expediente e informe ao que se refire o artigo 56 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (en adiante, LCSP). Nesa remisión se nos indica que non existen nese intre licitadores.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Ao abeiro do artigo 35 bis da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, corresponde a este Tribunal a competencia para resolver este recurso.

Segundo.- O presente recurso tramitouse conforme aos artigos 44 a 60 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e, no que fose de aplicación, polo Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.

Terceiro.- A recorrente está lexitimada para interpoñer o presente recurso, pois alega que actuación que critica lle provoca ao seu entender un prexuízo que pretende remediar coa interposición do recurso e a obtención dunha resolución favorable.

Cuarto.- Aínda partindo da inicial publicación dos pregos, o 30.10.2019, o recurso estaría interposto en prazo.

Quinto.- Ao impugnarse o anuncio e pregos nun contrato de servizos de valor estimado superior a 100.000 €, o recurso é admisible.

Sexto.- A primeira alegación do recorrente é que, a pesares de ser solicitado, non se lle entregaron os pregos en castelán, que só o 12.11.2019 se publicou en castelán o PPT pero sen que isto se fixera aínda respecto ao PCAP.



O órgano de contratación expón o seguinte no seu recurso:

“Efectivamente, tal e como sinala o recorrente, a falta de publicación dos pregos en castelán, que é a única das linguas oficiais do estado español que é idioma oficial da UE supón a vulneración do artigo 51.3 da DIRECTIVA 2014/24/UE DO PARLAMENTO EUROPEO E DO CONSELLO, sobre contratación pública, que dí que “Los anuncios contemplados en los artículos 48, 49 y 50 se publicarán en toda su extensión en la lengua o lenguas oficiales de las instituciones de la Unión que elija el poder adjudicador”.

A falta de posta a disposición dos pregos en castelán produce un prexuízo ó recorrente e conculca o principio de igualdade dos licitadores. Posto de manifesto este erro, esta Administración procedeu á publicación dos pregos en castelán e unha vez publicados acordouse ampliar o prazo os días necesarios para garantir o cumprimento dos prazos de presentación de ofertas nos procedementos harmonizados de servizos que é de 30 días. Así, a concelleira Delegada de Contratación o 21 de novembro de 2019, resolve:

“1º.- Ampliar o prazo de presentación de ofertas no procedemento aberto para prestación dos servizos bibliotecarios complementarios para o funcionamento da Biblioteca Municipal “Xosé Neira Vilas” en vinte e un días naturais.

2º.- Publicar o presente acordo no perfil de contratante do Concello de Vigo aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público”.

Efectivamente, sendo os pregos da licitación obxecto dunha nova publicación en castelán e ampliado o prazo de presentación de ofertas, procede inadmitir o recurso por perda do obxecto no que se refire a este motivo de impugnación.

Sétimo.- O recorrente critica, a maiores, a que entende como indebida cualificación do contrato como de servizos, posto que considera que se trata dun contrato mixto con prestacións correspondentes aos servizos e subministracións.

O artigo 18.1 ao respecto dos contratos mixtos establece o seguinte:

“Artigo 18. Contratos mixtos.

1. Entenderase por contrato mixto aquel que conteña prestacións correspondentes a outro ou outros de distinta clase.



Unicamente se poderán subscribir contratos mixtos nas condicións establecidas no artigo 34.2 da presente lei.

O réxime xurídico da preparación e adxudicación dos contratos mixtos determinarase de conformidade co establecido neste artigo, e o dos seus efectos, cumprimento e extinción determinarase de acordo co disposto no artigo 122.2.

Para determinar as normas que rexerán a adxudicación dos contratos mixtos cuxo obxecto conteña prestacións de varios contratos regulados nesta lei, observaranse as seguintes regras:

a) Cando un contrato mixto comprenda prestacións propias de dous ou máis contratos de obras, subministracións ou servizos, atenderase ao carácter da prestación principal. No caso dos contratos mixtos que comprendan en parte servizos especiais do anexo IV, e en parte outros servizos, ou no caso dos contratos mixtos compostos en parte por servizos e en parte por subministracións, o obxecto principal determinarase en función de cal sexa o maior dos valores estimados dos respectivos servizos ou subministracións.

b) Cando o contrato mixto conteña prestacións dos contratos de obras, subministracións ou servizos, por unha banda, e contratos de concesións de obra ou concesións de servizos, por outra, actuarase do seguinte modo:

1.º Se as distintas prestacións non son separables, atenderase ao carácter da prestación principal.

2.º Se as distintas prestacións son separables e se decide adxudicar un contrato único, aplicaranse as normas relativas aos contratos de obras, subministracións ou servizos cando o valor estimado das prestacións correspondentes a estes contratos supere as contías establecidas nos artigos 20, 21 e 22 da presente lei, respectivamente. Noutro caso, aplicaranse as normas relativas aos contratos de concesión de obras e concesión de servizos.”

Tamén debemos ter en conta o establecido na LCSP ao respecto da definición do que son os contratos de subministracións e de servizos:

“Artigo 16. Contrato de subministración.

1. Son contratos de subministración os que teñen por obxecto a adquisición, o arrendamento financeiro ou o arrendamento, con ou sen opción de compra, de produtos ou bens mobles.



Artigo 17. Contrato de servizos.

Son contratos de servizos aqueles cuxo obxecto son prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas a obter un resultado distinto dunha obra ou subministración, incluídos aqueles en que o adxudicatario se obrigue a executar o servizo de forma sucesiva e por prezo unitario.”

Se acudimos aos pregos da licitación, o artigo 1 do PPT establece como obxecto do contrato:

“O obxecto do contrato é a prestación de servizos bibliotecarios complementarios para a Biblioteca Municipal “Xosé Neira Vilas” (avenida Martínez Garrido, 31, CP 36205 Vigo).

Ditas prestacións serán dirixidas ao desenvolvemento e fomento das actividades propias dos servizos bibliotecarios, informativos e de lecer, destinados tanto á cidadanía en xeral, a estudantes ou profesionais, así como a calquera que necesite orientación, guía ou apoio durante o seu uso privado ou profesional durante a súa estancia nas dependencias descritas.”

Ademais, a cláusula 3.5 do mesmo PPT citada polo recorrente recolle dentro das características do servizo a realizar:

“3.5. ADQUISICIÓN DE FONDOS BIBLIOGRÁFICOS, AUDIOVISUAIS E SUBSCRICIÓN

Ademais dos puntos anteriores, a empresa adxudicataria terá as seguintes obrigas en relación coa adquisición de novos fondos:

- Adquirir anualmente fondos bibliográficos, hemerográficos, audiovisuais, electrónicos, informáticos etc., por un importe mínimo de 27.000 € anuais, ou en todo caso polo importe ofertado polo adxudicatario na súa oferta económica.

- Seleccionar os fondos en relación coa partida anterior, para ampliación ou actualización. Elaborar proposta anual de adquisición, antes do 30 de novembro do ano anterior, para a conformidade previa da Área de Cultura do Concello de Vigo.

- Facilitar o acceso en liña e permanente por parte do Concello ao detalle dos fondos adquiridos, características de detalle e custo destes. así como calquera outra incidencia que se puidese producir no seu desenvolvemento. Dita información será considerada como documento público a efectos do cómputo anual do custo das



actividades efectivamente realizadas e a súa adecuación á cantidade ofertada polo adxudicatario para este fin.

3.6. SUBSTITUCIÓN DE MATERIAL INFORMÁTICO A empresa adxudicataria deberá substituír, de selo caso, aqueles equipos descritos no anexo II do presente PPT que sexa necesario por avaría ou mal funcionamento durante todo o período de execución do contrato, previa comunicación e conformidade da Área de Cultura do Concello de Vigo”.

O informe do órgano de contratación sinala a este respecto:

“2.2. O apartado 3.5. do PPT “Adquisición de Fondos Bibliográficos, audiovisuais e suscripcións” non se debe considerar como un contrato de subministros regulado no artigo 16 da LCSP, xa que no citado prego non se definen os elementos a subministrar, nin prazos de entrega, debido a que a súa definición virá dada polo desenvolvemento do propio proxecto bibliotecario proposto pola empresa adxudicataria dos servizos bibliotecarios complementarios, e en función das características de funcionamento e desenvolvemento anual da biblioteca, ademais da demanda das persoas usuarias dos servizos. Trataríase dun medio necesario para a prestación dos servizos bibliotecarios.

Por este motivo, non resulta posible definir neste momento por parte da Administración Local os posibles elementos a adquirir, xa que dependen de variables resultantes da prestación dos servizos. O único que se fixa nos pregos de licitación é un importe mínimo para adicar a este apartado, de cara a garantir unha correcta prestación de servizos de calidade; a Administración tan só velará polo cumprimento anual do importe proposto pola empresa adxudicataria, que adquirirá os elementos en base a demanda dos usuarios e, ou, a existencia de novidades bibliográficas en cada momento que sexan de interese para a consecución dos obxectivos do proxecto bibliotecario proposto.”

Debemos comezar ese camiño indicando que para determinar se estamos perante un contrato mixto no que se inclúen prestacións correspondentes a diferentes contratos hai que atender á autonomía e entidade das obrigas ás que se suxeita o contratista, para determinar se as mesmas se afastan do que serían as propias neste caso dun contrato de servizos.

Neste sentido, estimamos razoables as explicacións dadas polo órgano de contratación en canto á configuración do contrato, de forma que en base a estas non se aprecia incorrección xurídica determinante dunha invalidez.



Por todo o anterior, vistos os preceptos legais de aplicación, este Tribunal, en sesión celebrada no día da data, **RESOLVE:**

1. **Inadmitir e desestimar** o recurso interposto por SERRAL, ORGANIZACIÓN Y GESTIÓN DE ARCHIVOS Y BIBLIOTECAS, S.L.U. contra o anuncio e os pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas que rexen na contratación dos servizos bibliotecarios complementarios para a Biblioteca Municipal “Xosé Neira Vilas”, expediente 15967/331 do Concello de Vigo.

2. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP.

Esta resolución, directamente executiva no seus propios termos, é definitiva na vía administrativa e contra a mesma cabe interpoñer recurso perante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co disposto nos artigos 10.1.k) e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O PRESIDENTE, Santiago Valencia Vila. A VOGAL-SECRETARIA, Ana María de Frutos Martínez. O VOGAL, Tomás Otero Ferreiro.

